

Don Xesús inédito

XULIO VALCÁRCEL
xuliolv@gmail.com



Alonso Montero
deixa un legado de
compromiso ético,
coherencia ideolóxica
e exemplo vital

Contoume Juan Míguez, industrial viñateiro, que sendo rapaces e compañeiros de xogos en Ventosela, cando Suso se dispuña a executar un penalti, irrompeu Juan desde atrás e adiantóuselle, co conseguinte cabreo do futuro catedrático. Seareiro do Celta, don Xesús era afeccionado ao fútbol. Nun acto que compartimos en Chantada unha tarde de xaneiro do 2004, na que o Deportivo gañara 0-5 en Balaídos, non tivo a festa completa, malia a suculenta cea coa que nos agasallaron os anfitrións.

Lugo, 1969. A reválida de cuarto era eliminatoria: se non a superabas non podías continuar. Comparcemos os aspirantes, atribulados baixo o peso da responsabilidade. "Cae" o Arcipreste de Hita e o Libro del Buen amor. Don Xesús dános as claves das respostas, e tan importante como a axuda, foi o feito de facelo en galego, alixeirando a tensión do momento.

1972. Instituto Masculino. O profesor Alonso Montero chama a un alumno ao encerado: "Traduza: La perra tuvo cachorros". O rapaz escribe: "A cana trouxo cachorros". As gargalladas escóitanse fóra da aula, pero don Xesús permanece calado, sen burlarse nin humillar ao coitado. Ecuánime, e xenero-

so nas cualificacións. Outra desa época: Un alumno levoulle á deshora unha redacción que nos mandara facer ao seu domicilio, en Gil Yuste, 15. A don Xesús amoloulle o que considerou -con razón- un abuso de confianza e díxolle, retranqueiro: "Non lembraba que vostede e máis eu fósemos xuntos á escola...!".

Anos máis tarde, paseabamos Xavier Rodríguez Barrio e mais eu pola Praza Maior. Don Xesús párase con nós e dinos cun sorriso cómplice: "Así que facendo poesía peripatética...". Ante o nosa perplexidade (non sabemos do que nos fala), engade: "Peripatéticos eran os filósofos aristotélicos que ensinaban e debatían mentres andaban".

Á saída dun acto, en plena ditadura, xúntanse no Bar Yuma

un grupo de mozos arredor do mestre. Os reunidos cantan a pleno pulmón (e algún co puño en alto) Venceremos nós, a Internacional, o Himno galego... Medra o fervor en emoción e intensidade. A un aceno de don Xesús, faise o silencio e di: "Ben, e isto que cantamos aquí, porque non o cantamos na rúa...". Na porta do bar agarda a policía franquista, identificando a cada un que sae. Menor de idade, temendo as consecuencias de acabar no calabozo, escapo polo patio traseiro. Gabeo con outro, descoñecido, polos tellados, até o barrio de prostitución da Rincónada. Batemos cos cotobelos na xanela dunha buardilla... Solidarias e asustadas, as mulleres déixannos saltar ao piso e desaparecer escaleiras abaixo.

Santiago, 1975. De regreso do desterro en Montilla (Córdoba), don Xesús agarda nunha longa fileira a ser atendido no restaurant San Jaime, na Raíña. Estudante de Dereito, eu paso directamente cara á mesa que teño asignada. Sorprendido, preguntame: "Tes présa?", cun certo reproche. Decátome do malentendido e explícolle que estou apuntado, por meses vencidos, ao prato do día.

A figura de don Xesús tiña para min unha connotación case "paternal" en termos de respecto, de afecto, admiración e gratitude. Sempre o vin como un mestre (o mellor que tiven) e eu o seu alumno.

"Xulio, cando veñas por Vigo, chámame e comemos xuntos", díxome a última vez.

Xa non será...




Ilustración de Gosia Trebacz | Cedida